



A casa do cura ou casa rectoral, salvada con vida do abandono.

DELFIN CASEIRO NOGUEIRAS

1954, Rairiz da Veiga - Ourense

Delfin Caseiro Nogueiras, 1954, Rairiz da Veiga-Ourense. Licenciado en Filoloxía Románica e Galego-Portuguesa. Catedrático de Língua e Literatura no Inst. Blanco Amor de Ourense. Colaborador en libros de texto e revistas especializadas. Membro da Mesa pola Normalización Lingüística. Responsábel do Servizo de Normalización Lingüística de Vilar de Santos.

Museo Etnolóxico da Límia, a presenza da memória



Delfín Caseiro Nogueiras

*“Quen quixer saber as cousas
vaia á forxa do ferreiro,
dea a volta polo forno,
veña polo fiadeiro”.*

asenta-se na borda dunha delas, repartindo casas entre zona plana e pendente. A casa rectoral, de 700 m. cadrados de superficie, antigo hospital de peregrinos segundo algúns, é un dos edificios máis representativos do patrimonio arquitectónico local; situada nun alteiro, divisa unha boa parte da chaira, **sumando-se á vixilancia**

VILAR DE SANTOS,
ENTRE A CHAIRA E A
MONTAÑA.

A comarca é unha chaira elevada, cerrada por cordais montañosas médias. Vilar de Santos

A rexa e outrora farturenta casa rectoral de Vilar de Santos, resgatada do deterioro e respetosamente arranxada polo Concello, converteu-se desde primeiros de ano en sede definitiva do Museo Etnolóxico da Límia, que abriu as súas portas o 12 de Xullo de 1992 instalado na que fora escola da localidade.



A pia da auga, fora da forxa, fiel aliada do ferreiro.

que seguen a exercer as tres grosas torres medievas ergueitas –a de Pena da Portela, a de Sandiás e a de Porqueira–; a de Sandiás foi atacada e parcialmente derrubada polos Irmandiños.

A Límia estivo marcada historicamente pola súa condición de zona de pasaxe. Restos de castros da Idade de Bronce, mámoas, menhires, ... testemuñan a presenza humana na zona desde época antiga; os “Límici” son os habitantes máis antigos dos que se ten noticia. Tras padecer unha intensa romanización, converteuse en zona de importante riqueza agropecuária; a calzada “Via Nova” ou “Via XVIII” que unía Braga e Astorga percorría-a de un extremo ao outro. O culto a deuses indíxenas debeu pervivir durante longo tempo. A presenza de suevos e visigodos no territorio foi tamén moi significativa.

Durante o Medievo, unha grande parte da Límia foi feudo eclesiástico; este período estivo marcado polas contínuas loitas entre señores feudais. A Idade Moderna apenas trai mudanzas sociais.

Os produtos tradicionais

–centeo, liño, castañas...– van asistir á entrada da pataca, que acabará condicionando de modo determinante a vida dos limiáos. Os séculos XIX e XX estarán marcados pola depresión económica, que propiciará un éxodo migratorio crecente, primeiro a países americanos e despois a europeos; non debeu haber familia limiá que non enviase a un ou varios dos seus membros á procura da fortuna que o sistema foral impedía encontrar na propia terra. Esta sentía cada verán a peregrinaxe de centos de seituzeiros que marchaban ás segas a Castela, ataviados de traxe branco de estopa, fouciña na man e manta de cores e saco ao lombo.

GRATITUDE AOS CREADORES

Corría o ano 1990. Un grupo de profesores e entusiastas estudantes de Xinzo da Límia comezaba a deseñar-se; a iniciativa tomou forma na Asociación Cultural “O Bión” (un dos nomes que recibía a desaparecida lagoa de Antela).

Os vertixinosos cambios que se

estaban a operar na zona así como a desaparición crecente de importantes sinais de identidade, aguilloaron a súa inqueda e afirmaron a súa determinación a prol do patrimonio cultural; había que proceder con urxencia co fin de **preservar para as xeracións futuras os referentes dos modos de vida dos devanceiros, que persistiran sen alteración ao longo de séculos.** O abandono das prácticas tradicionais en case todos os ámbitos da vida rural –actividades agropecuarias, actividades profesionais, relacións sociais, vivenda, comercio, lecer, vestido, paisaxe, etc.– provocará a perda de conexión viva coa historia e coa tradición.

O progreso nunca debería significar desvinculación con un pasado que nos conforma como individuos e como colectividade; a ligazón coa tradición da que somos resultado debe seguir guiando os nosos pasos para non chegarmos nunca a ese punto obscuro sen nengunha indicación para a orientación.

O obxectivo logo se afianzou; a

creación de un museo etnolóxico comarcal podería resultar decisivo para frear e contrarrestar a tendencia iniciada (anos atrás foran reunindo un considerábel número de valiosas pezas). Sen embargo, as primeiras portas nas que petaron non se abriron; a desconfianza soe ser compañeira da ignorancia. Finalmente, esforzos e desacougos acharon un receptor sensíbel e comprometido coa mesma realidade cultural que aqueles defendían; foi o concello de Vilar de Santos. O sentimento de gratitude foi mútuo, **e ao entusiasmo dos promotores uniúse o de uns rexedores municipais que fixeron do labor cultural unha das súas grandes prioridades.**

No editorial da publicación "A Voz do Museo", editada en Maio de 1992, adiantando-se dous meses á abertura do museo, postulaban: "A nosa liña será a de crear un foco de traballo, de cultura, de protección do pasado, de ensinanza e de promoción na comarca da Límia por cima de exclusivismos de vilas e lugares". Liña de actuación e obxectivos que non mudaron.

**OFÍCIOS SECULARES:
CANTEIROS, CARPINTEIROS,
FERREIROS, CESTEIROS,
ALBARDEIROS,...**

Durante moito tempo as necesidades da vida rural puxeron a proba o saber e a creatividade de moitos membros da veciñanza. O saber herdaba-se; a creatividade constituía a aportación individual á evolución do proceso artesán.

O escaso desenvolvemento da nosa sociedade durante séculos propiciou que moitos oficios tradicionais mantivesen a súa vixencia até hai ben pouco tempo,

cando o modo de vida urbano se estendeu ao ámbito rural. A actividade agrícola foi a ocupación principal na Límia; non é estraño, entón, que un bon número de oficios estivesen vinculados á terra e aos materiais que dela se extraen: pedra, ferro, madeira,...

Frecuentemente os labregos realizaban tamén unha ou máis actividades complementares –sobre todo no inverno, época de escasa ocupación agrícola– para cubrir as necesidades propias ou as de outros veciños.

Os canteiros deixaron abundantes mostras da súa arte estendi-



A fornalla e o grande fol, no centro da forxa.

das por toda a xeografía. A pedra segue conservando intacta a súa feitura, labrada a golpe de martelo a bater sobre pico e cisel, medida reiteradamente co escuadro e asentada coidadosamente coa axuda de maromas e roldanas. Un traballo que se executaba ao pé da obra durante longa tempada. Foi tal a implantación e relevancia dos canteiros que inventaron a súa propia xíria ou xerga, designada "Verba dos Arxinas".

A madeira foi outro material multipresente na sociedade tradicional; o coidado da riqueza forestal era unha angueira comun. O labor dos carpinteiros caracterizaba-se pola súa diversidade; tal foi o número de obxectos elaborados con madeira que se deron

Na buraca da cociña utensilios sinxelos e prácticos.



auténticas especializacións no oficio; particularmente estimada será a dos fragueiros (dedicados á construción de carros), a dos ebanistas ou a dos especialistas en xugos de molidas, auténticas pezas artísticas cheas de filigranas.

A forxa do ferreiro sempre foi lugar especial, case máxico, no universo campesino; dela saían ou por ela

pasaban moitos apeiros de labranza. A fornalla sempre ardente, avivada polo xigantesco fol, semellaba ofrenda permanente ao deus Vulcano. A confección de cestos ou canistrelas con varas de salgueiro e de vímbio ou con vergas de carballo ocupaba as longas noites invernaís e servirían máis adiante para a apaña das patacas e para outras colleitas. Aquí está tamén, de forma explícita ou implícita, a memoria de outros moitos oficios populares: muiñeiros, oleiros, pedreiros, latoeiros, telleiros, zapateiros, cerralleiros, xastres, afiadores, paragüeiros, capadores, feirantes, serrachíns,...

As pezas que todos eles nos deixaron forman fragmentado monumento de homenaxe á súa xenerosidade e ao seu saber.



A sala de tecer onde parece soaren aínda as voces de tecedeiras pabelenciosas.



Leito e rolo abundan para o repouso no cuarto.



Burro e gramalleira suxeitan o pote do caldo, permanentemente sobre o lume.

***A CASA TRADICIONAL
SINXELEZA E
FUNCIONALIDADE***

A casa labrega erguia-se en perfecta sintonía coa natureza, que fornecía os elementos necesarios para a súa construción. Na súa expresión máis simple a morada campesiña é unha edificación de planta única, sen tabiques divisórios, constituída pola cociña terreña na que ocupa lugar destacado a lareira e polo cuarto de dormir, xusto a carón de aquela para mellor aproveitamento da calor do fogar. **Na lareira, o afumado pote do caldo**

–“a raíz do corpo”, en sábia creación popular– pendurado do burro por medio da gramalleira. Acima, a modo de teito baixo, o canizo coberto de feluxe. Escano e tallos, mirando cara ao lume outrora permanente ao que o inquedo fol impedía adormecer. Poucos máis móbeis –alzadeiro, cantareiro, artesa,...– ocupaban o espazo máis concorrido da vivenda. Complementos como o galleiro para gardar pan e untos, a craveira e touciñeira para pendurar touciños, xamóns, cachuchas,... olas para a auga e para o leite, potas, trébedes, candelexas e candís, quinqués,...

Na casa con sobrado, o dormitorio está por riba da corte para aproveitar o calor corporal desprendido polos animais que ocupan a planta baixa. No cuarto, o mobiliário é escaso: leito, berce, mesa de noite, arca para a roupa e recipiente para o aseo.



O carro, emblema da casa de labranza, orgullo do labrego.


Corredor de madeira, solaina de pedra, poucas e reducidas xanelas constituían outras particularidades da súa morfoloxía. Pequenas e sinxelas construcións –pendello, palleiro, poleiro, tulla, canastro,...– veñen a engadir-se á casa-vivenda para nelas gardar colleitas e apeiros de labranza, conformando un conxunto con certa autonomía no seo do lugar, onde se soía compartir aira, forno, lavadoiro,...

**O CARRO
MÁIS QUE UN MEIO
PARA O TRANSPORTE**

O carro, que tanto cativara a Xaquín Lorenzo –o “Xocas”– era peza valiosísima e imprescindible

na casa labrega, obxecto de constantes coidados que permitisen a súa conservación en bon estado durante a longa tempada. Construción lenta e laboriosa, con grosas e ben secas madeiras escollidas para cada elemento; **obxecto de especial atención eran as pesadas e compactas cambas, o groso eixe e o longo chedeiro.** O carro soía ser motivo

de orgullo para o seu propietario. Particular protagonismo tiña o carro na carrega do centeo, da erva seca, das patacas, do millo, da leña; ou cando se reunían todos os do lugar e mesmo algúns de fóra –houbo veces que chegaron a ser máis de cuarenta– para carretar a pedra e a madeira que servirían para a construción de unha nova casa. **A espectacular imaxe**



Debuxo de D. Xaquín Lorenzo (Xocas).

sonorizada que constituían aquelas cadeas de carros cargados en queixa permanente e pausado andar, visíbel e audíbel a varios quilómetros de distancia, non se volverá repetir.

Hoxe repousa no pátio, espazo cerrado por muro de cachotes de pedra, á sombra do pendello, compartindo emprazamento con compañeiros de “andanza” noutro tempo: arados –de madeira e de ferro–, grades, xugos –de molidas e de corredor–, ... Pendurados da trabe ou dispostos sobre o chao, a modo de res- tra multiforme, os apeiros de labranza cos que se realizaban

as diversas tarefas: aixadas e sachos, fouces e fouciños, gadañas, machadas, angazos, rodos, forcadás, gallas, picañas, peneiras, serras, albardas, angarrelas, sedeños e cordas, narigóns, bozais,...

A MEMÓRIA DO LIÑO, AZUL CELESTE NA TERRA

O saber popular deixou dito: “tres cousas pediría se Deus mas dese: a tea, o tear e a que tece”.

A visión do tear e dos seus complementos -pentes de asedar, mazas, sarillos, espadeleiros, rips, devandoiras,...- traslada a

memória a tempos duros, de traballos moi escravos, aliviados só pola solidariedade e cordialidade da veciñanza ou polo deleite da contemplación de fermosas flores azuis (“o liño campaba moi ben”, soen dicir mulleres que o acordan aínda con viveza).

Dedos esfolados polo frío e polo labor, mais tamén ledicia dos domingos na aira danzando e cantando ao son dos pandeiros.

En cada lugar había tres ou catro teares, que funcionaban ao longo de todo o ano, ocupando parte das horas do día e moitas máis da noite escasamente iluminada pola luz do candil de gas. O traballo acometía-se con rigor e perseverancia porque eran moitos os lenzos que había que tecer e cos que logo se confeccionarían sabas, cobertores, manteis, traxes, camisas, saias,... A actividade que presentaba maior dificultade era cambiar as fias que se precisaban para a confección de unha colcha.

O fiadeiro era o contraponto do tear. Nel eran frecuentes brincadeiras e desafíos; **escola de vida e romaría**, era visitado asiduamente por mozos rexou-



O tear, enxeño e arte en movemento.



Duas veciñas do lugar sentadas no mazadoiro e fiando na la.

beiros que rondaban as fiandeiras ás que intentaban engaiolar coas coplas e cantares novidosos que cegos e acompañantes difundían por feiras e festas e que se viñan xuntar ás picadas de mofa ás que a rivalidade daba pé.

O proceso de tratamento do liño resultaba duradeiro e laborioso. A planta, esvelta e delicada, quería terra ben arada e alisada. A arriga, ripa, enlagado, secado, mazado, deluba, tasca,... eran tarefas que había que acometer con paciencia e empeño. Parece que aínda seguen a soar os rítmi-

cos golpes da maza contra o mazadoiro que despois á noiteña ofrecía repouso a corpos esgotados. **No pote grande de lles cocer aos marraos cocian-se as meadas en auga á que se lle botaba cinsa de canas de carballo branco; o proceso duraba un día enteiro.**

As mulleres do colectivo EIRADA de Parada de Outeiro levaron a cabo recentemente unha experiencia que quixo ser fiel reprodución do proceso tradicional do liño. Quizais o anuncio dunha

futura restauración do seu cultivo?

A ARRACADA, AS RAICES MÁIS FONDAS

Tesouro singular de ourivesaría castrexa, atopado en 1924 por un veciño do lugar nunha leira de Vilar de Santos denominada Albariño. Elaborada con unha lámina de ouro de grande pureza, de feitura semellante á de outras localizadas no norte de Portugal e na Galiza, era enfeite persoal que se penduraba da

orella e denotaba rango social elevado. ... provábel que date de fins do século III ou de comezos do II a.C..

A peza foi entregada ao Museo Arqueolóxico Provincial, que tamén acolle outros restos arqueolóxicos pre-históricos descubertos na zona. O Museo Etnolóxico da Límia exhibe unha reprodución da arracada, realizada e doada por Gustavo Marcelo Helling.

As resonancias míticas son reforzadas lingüisticamente polos vellos nomes LÍMIA e ANTELA.

A BARCA DA LAGOA, TEMPOS DE AUGA

... un dos escasos referentes da desaparecida lagoa de Antela, ben comun irrecuperábel. Embarcación estreita e alongada, de fondo plano, para mellor discorrer entre os abundantes beóns e para non varar na area; era empregada polos labregos para conducir o gando aos secos que a época estival formaba nos lameiros, para a caza de patos e outras aves acuáticas, para a pesca de ras ou mesmo para trasladar-se de unha localidade a outra. Sirva a súa presenza no

Museo para facer explícita a repulsa contra a agresión ambiental e cultural que supuxo a desecación da lagoa, resultado da ignorancia e de erradas previsións dos responsábeis do franquista Instituto Nacional de Colonización.

As cantareiras ras cuxas sabrosas ancas obtiveron sona nas feiras da provincia, as sanguessugas utilizadas en diversas prácticas medicinais, as cegoñas, as garzas, as aves frias, os patos, beóns, espadanas e outras moitas plantas desapareceron cando as últimas augas da lagoa se

A arracada, tesouro que nos quixo traer o azar.





A barca da lagoa de Antela, que permitía andar por camiños de auga.

xuntaron, seguindo o profundo canal ás do Límia e foron á procura do mar.

A pesar de que o seu fondo seco non presentase nengun resto da asolagada e mítica cidade Antioquia, castigada por Deus polo pecado de idolatría ao galo, a lagoa perdurará para sempre na memoria histórica e na lenda fantástica.

A PATACA, CONDICIONANTE DO MODO DE VIDA LIMIAO

Traída á península desde as abas da cordal dos Andes, chegou á Galiza no século XVIII e **foi des-**

prazando progresivamente a castaña como alimento básico na dieta campeña. Tras unha rápida adaptación ás condicións do terreo, a Límia deixa de ser unha zona cerealista –designada noutro tempo como graneiro da Galiza– e pasa a ser cada vez máis unha comarca pataqueira. As oscilacións nos prezos aos produtores como consecuencia das máis colleitas siléncian a alta calidade do produto e dificultan a comercialización requerida.

A recente mecanización non fixo desaparecer os diferentes labores que integran o cultivo do tubérculo: arada, sementeira, agrada, sulfata e apaña.

OUTRAS MANIFESTACIÓNS

O Museo acolle aínda outras manifestacións, materiais ou espirituais. A indumentaria tradicional da Límia aparece reflectida nos traxes de cerimonia de home e de muller aquí expostos. **Presente está tamén a célebre e vistosa Pantalla, máscara viril e rigorosa, elemento emblemático do populoso entroido limiao.**

A relixiosidade popular manifesta-se en crenzas e ritos ligados á memoria dos mortos, á auga, ás pedras, ao lume... e materialízase en ex-votos, petos de ánimas, cruceiros, ramos de loureiro...

A lembranza de festas e romarías, organizadas en función do ciclo agrario resiste e pugna por evitar a ruptura coa tradición.

O FUTURO, ATEIGADO DE POSIBILIDADES

O Padroado do Museo fixou como un dos seus obxectivos prioritarios a recuperación de

aquelas actividades artesanais e produtivas con máis implantación na comarca, antes de que o “progreso” as meta definitivamente no saco do esquecemento.

A comarca da Límia encerra múltiples e enteresantes manifestacións culturais. Este rico patrimonio foi recompilado, sistematizado e estudado só parcialmente. Un obxectivo urxente será a creación dun arquivo documental que forneza información permanente e crecente para o futuro.

A asinatura de convénios de colaboración coa Universidade de Vigo e con centros escolares da zona, posibilitará a dinamización do museo, dado que nel poderán realizar os estudantes prácticas formativas e traballos de investigación.

A realización do inventario etnolóxico da zona, así como de arquivos sonoros e fotográficos, constitúen outros obxectivos nos que se vai comezar a traballar de inmediato.

No Museo Etnolóxico da Límia está unha parte significativa da pátria infantil

de moitos galegos, luz para o longo e liberado porvir que merece este noso país.

A PANTALLA, raiña do entroido limiao, misterio e colorido.

